

**Resolución do 15 de xullo de 2014, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia (subgrupo A1), escala superior de estatísticos/as, pola que se lle dá publicidade a diversos acordos referentes ao terceiro exercicio do proceso selectivo.**

En sesións que tiveron lugar os días 14 e 15 de xullo de 2014, o Tribunal designado pola Orde do 4 de febreiro de 2014 (DOG núm. 33, do 18 de febreiro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia (subgrupo A1), escala superior de estatísticos/as,


ACORDOU:

Primeiro.- Que de conformidade co disposto na base II.1.1.3 da convocatoria, superaron o terceiro exercicio os aspirantes que obtiveron unha puntuación mínima de cincuenta (50) puntos.

Segundo.- Realizar os trámites oportunos para a publicación das puntuacións obtidas polos aspirantes presentados ao terceiro exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (subgrupo A1), escala superior de estatísticos, na Escola Galega de Administración Pública, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia ([www.xunta.es](http://www.xunta.es)).

Terceiro.- De acordo co disposto na base II.1.2.7 da convocatoria, os aspirantes poderán presentar as alegacións que estimen oportunas con relación ás puntuacións no prazo de 10 días a contar desde o seguinte á publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Cuarto.- De acordo co establecido na base II.1.1.5 da orde da convocatoria os aspirantes que superaron o terceiro exercicio disporán dun prazo de dez días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, para presentar a documentación xustificativa (orixinal ou fotocopia debidamente compulsada) de estar en posesión do Celga 4, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº146 do 30 de xullo de 2007), para




os efectos da exención prevista do quinto exercicio. Esta documentación presentárase nas oficinas de rexistro da Xunta de Galicia, oficinas de Correos e demais lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Quinto.- De conformidade co disposto na base III.13 da convocatoria, contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada nos termos previstos nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2014

O presidente do tribunal

Manuel Mateo Díaz



**ESCALA SUPERIOR DE ESTADÍSTICOS**  
**Subgrupo A1**  
**Promoción interma**

<b>DNI</b>	<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>QUENDA</b>	<b>NOTAS</b>
78798805T	ROMERO MARTINEZ, MARIA DEL PILAR	INTERNA	<b>78,5</b>



**ESCALA SUPERIOR DE ESTADÍSTICOS**  
**Subgrupo A1**  
**Acceso libre**

DNI	APELIDOS E NOME	QUENDA	NOTAS
50737479P	DE LA HERRAN DE BLAS, CARLA ELENA	LIBRE	<b>57</b>
47365770F	GARCIA VARELA, JAVIER	LIBRE	<b>64,5</b>
53162876D	GUERRA FERNANDEZ, MONTSERRAT	LIBRE	<b>58,5</b>
35473745V	LEIROS ALONSO DE VELASCO, JAIME	LIBRE	<b>89</b>
76927671P	MARTIN VILA, MARIA	LIBRE	<b>78</b>
44807616M	VIQUEIRA MIRANDA, MARIA DEL PILAR	LIBRE	<b>50,5</b>

